

3.- Queda a criterio do profesor poder substituír a proba de recuperación final por probas de recuperación parciais de cada avaliación. O resto dos criterios a aplicar serán os mesmos.

1º BACH-CULTURA CIENTIFICA

3º AVALIACIÓN

✓ **UNIDADE 0: QUE É A CIENCIA?.**

✓ UNIDADE 1: A TERRA, O NOSO PLANETA. ACTIVIDADE 2: O NOSO LUGAR NO UNIVERSO

✓ UNIDADE 2: ORIXE E EVOLUCIÓN. ACTIVIDADE 3: A XERACIÓN ESPONTÁNEA. ACTIVIDADE 4: A FAMILIA HUMANA

✓ TRABALLO TRIMESTRAL E EXPOSICIÓNS.

1º AVALIACIÓN

✓ UNIDADE 3: VIVIR MÁIS, VIVIR MELLOR. ACTIVIDADE 5: TECNOLOXÍA MÉDICA

✓ UNIDADE 4*: MANEXANDO AS CLAVES DA VIDA. ACTIVIDADE 6: REDESEÑANDO A NOSA ESPECIE.

✓ TRABALLO TRIMESTRAL E EXPOSICIÓNS.

2º AVALIACIÓN

✓ UNIDADE 4*: MANEXANDO AS CLAVES DA VIDA. ACTIVIDADE 6: REDESEÑANDO A NOSA ESPECIE.

✓ UNIDADE 5: UN MUNDO INTERCONECTADO. ACTIVIDADE 7: A REVOLUCIÓN VIRTUAL: O PREZO DO GRATUITO.

✓ *TRABALLO TRIMESTRAL E EXPOSICIÓNS.*

Criterios de cualificación

**Respecto aos criterios de cualificación en Cultura Científica serían:
As probas escritas suporán un 60% da cualificación final.**

O 40% restante virá dado pola puntuación obtida en:

- ✓ Trballo trimestral (25%)**
- ✓ Actividades grupais e individuais (10%)**
- ✓ Actitude na aula: participación, atención as explicacións, respecto aos demais (5%)**

O seguimento destes aspectos basearase na revisión do caderno do alumno, do portafolio de actividades que non están incluídas na libreta (rúbricas de valoración dos distintos aspectos de actividades de aula, traballos,...) que estará en poder do profesor , e o caderno do profesor (onde están as fichas de seguimento do alumnado).

. Habará alomenos unha proba escrita por trimestre.

Para superar cada avaliación será preciso obter unha nota media final de 5 nas probas escritas que suporá o 60% da nota e asemade o alumno deberá alcanzar un 5 sobre 10 ao considerar todos os aspectos anteriormente tratados (actividades, actitude,...) non sendo necesario nestes apartados ter unha nota mínima, a excepción como se acaba de sinalar da proba escrita.

Para superar a materia deberá obterse unha nota mínima de 5 en todas as avaliacións.

1. Mecanismos de recuperación para o alumnado que non acadade os obxectivos propostos:

No momento que se detecte que o alumno non esta acadando os obxectivos fixados, propoñeranselle unha serie de actividades de reforzo, similares ás realizadas na aula.

Se non se alcanza a nota mínima de 5 o alumno terá dereito a recuperar a parte adicada ao exame (50%) na proba de recuperación do seguinte trimestre e do traballo trimestral se o presenta novamente (35%). Non poderá modificarse a nota nos apartados referidos a actividades e actitude (15%). Se o alumno non supera a materia por exames parciais terá dereito a un exame final en xuño que pola súa excepcionalidade supora o 100% da nota. Para

superar a materia o alumnado terá que alcanzar como mínimo un 5. Para o alumnado que tivera unha ou dúas avaliacións suspensas farase unha proba coas avaliacións non superadas. Esta proba final versará sobre os estándares correspondentes as avaliacións non superadas.

A nota final da materia virá dada pola media das tres avaliacións e deberá ser igual ou superior a cinco puntos.

***Estes criterios complementáanse coas normas sobre cualificacións da programación, que transcribimos e ampliamos quedando:**

a.- A nota mínima para superar a materia será de 4,5 .En canto ao redondeo de decimais realizarase ao número enteiro máis próximo e no caso de equidistancia ao superior, tal e como establece a normativa educativa para cálculos de nota media

b.- Se un alumno/a é sorprendido copiando mediante calquera sistema durante a realización dunha proba escrita, a cualificación no exame correspondente será de 0 puntos.

c.- O uso de calquera dispositivo electrónico (móvil, MP3, Ipad, tableta , etc) durante a realización de probas orais ou escritas de todo tipo (exámenes, controis de clase) considerárase equivalente ao uso de chuletas e será sancionado sancionará cun cero na cualificación da correspondente proba

No mes de setembro realizarase unha proba extraordinaria sobre os contidos de todo o curso baseándose nos estándares de aprendizaxe como indica o decreto 86/2015.

ANATOMIA APLICADA

EMA 1: ORGANIZACIÓN BÁSICA DO CORPO HUMANO 1. Diferencia os niveis de organización do corpo humano. 2. Describe a organización xeral do corpo humano utilizando diagramas e modelos. 3. Especifica as funcións vitais do corpo humano, sinalando as súas características máis salientables. 4. Localiza os órganos e os sistemas, e relaciónaos coas súas funcións.

TEMA 2: O Metabolismo humano 1 Describe os procesos metabólicos de produción de enerxía polas vías aeróbica e anaeróbica, e xustifica o seu rendemento enerxético e a súa relación coa intensidade e a duración da actividade. 2. Xustifica o papel do ATP como transportador da enerxía libre, asociándoo coa subministración continua e adaptada ás necesidades do corpo humano. 3. Identifica tanto os mecanismos fisiolóxicos que conducen a un estado de fatiga física como os mecanismos de recuperación.